

Convocatoria da sesión extraordinaria do Pleno da Corporación do martes 27 de xuño de 2023

LOGO DE VER o disposto nos artigos 46 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, e 78.2 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, no que se regulan as sesións extraordinarias do pleno.

CONSIDERANDO que ante a convocatoria das eleccións xerais para o vindeiro 23 de xullo de 2023, é preciso o sorteo dos membros das mesas electorais

E en aplicación do previsto nos artigos 78.2 e 80 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, así como o disposto nos artigos 46.2 b) e 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local,

RESOLVO:

1. CONVOCAR unha sesión extraordinaria do Pleno da Corporación.

Data: martes 27 de xuño de 2023
Hora: 08:30
Lugar: Salón de Plenos - Casa do Concello

ORDE DO DÍA:

1. SORTEO DE MEMBROS DAS MESAS ELECTORAIS
2. NOTIFICARLLES esta resolución aos membros do Pleno, remitíndolles unha copia das actas e dos expedientes que conforman a orde do día, facéndolles saber que, de conformidade co disposto no artigo 14.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, teñen o deber de gardar reserva en relación coas informacións que se lles faciliten para desenvolveren a súa función, e singularmente das que terán que servir de antecedente para as decisións que aínda se atopen pendentes de adopción, así como evitar a reprodución da documentación que lles sexa facilitada, en orixinal ou copia, para o seu estudo.
3. DARLLE CONTA desta resolución ao Pleno do Concello na vindeira sesión que se celebre.